



ORLANDO

Reino Unido | 1992 | 93 min | Fantástico. Drama

DIRECTOR Sally Potter

GUIÓN Sally Potter (baseado na novela de Virginia Woolf)

MÚSICA David Motion, Sally Potter

FOTOGRAFÍA Alexei Rodionov

INTÉRPRETES Tilda Swinton, Billy Zane, Lothaire Bluteau, Quentin Crisp, John Wood, Charlotte Valandrey, Heathcote Williams

SINOPSE A película comeza na época isabelina, pouco antes do falecemento da raíña Isabel I. No seu leito de morte, Isabel entrégalle a un nobre e andróxino mozo de nome Orlando unha grande extensión de terra e un castelo, xunto cunha xenerosa doazón monetaria, que lle dará coa promesa de non envellecer. Orlando cumpre a súa promesa e, despois da súa morte, vive no castelo durante moitos séculos, durante os cales cultiva o seu interese pola poesía e pola arte. Logo viaxa a Constantinopla como embaixador británico en Turquía, pero case é asasinado nunha intriga diplomática. Porén, ao espertar á mañá seguinte decátase de algo aínda máis sorprendente: durante a noite converteuse en muller. Orlando, agora co corpo dunha muller, regresa ao seu castelo cunha vestimenta característica de Oriente Medio e ao chegar descobre que ten varios xuízos pendentes. As demandas están baseadas esencialmente no feito de considerar que Orlando, desde o comezo, sempre foi unha muller e, polo tanto, non ten dereito á terra ou a calquera das súas herdanzas reais. Os séculos posteriores son realmente fatigosos, os seus casos na corte, a súa mala sorte no amor e nas guerras...

Cando a cineasta Sally Potter empezou a darlle voltas á idea de levar ao cinema a novela *Orlando* de Virginia Woolf, vai xa para trinta anos, as respostas que recibiu non foron precisamente animosas. A película era *unmakable*, “imposíbel, demasiado cara e exenta de interese”, e o mellor que podía facer era abandonala canto antes. Ante consellos tan entusiastas a directora londiniense optou por aparcar o proxecto sen desbotalo por completo, e foi finalmente en 1988 cando comezou a escrita do guión e a busca de financiamento: valentía e empuxe non son virtudes que lle falten a unha muller que co andar do tempo mesmo se atreveu a rodar un filme con diálogos en pentámetro iámbico, o singular Yes.

Tiña claro que debía escapar da rancia tradición do *heritage cinema*, aqueles filmes-museo cuxo obxectivo principal parecía ser a exhibición da verde campiña e os grandes palacios, luxo escapista amparado case sempre en nobres textos literarios. A aposta sería outra: un exquisito tratamento visual, que remite ocasionalmente ao seu contemporáneo Peter Greenaway —sensación reforzada polo feito de contar na dirección de arte con Ben van Os e Jan Roelfs, responsábeis de *The Cook, the Thief, His Wife and Her Lover* (1989) e *Prospero's Books* (1991)—, e unha ecléctica banda sonora na que loce o *falseto* de Jimmy Sommerville. Facer *Orlando* esixía asumir riscos e rachar convencións narrativas, as mesmas que lle permiten ao personaxe principal moverse por catro séculos e cambiar de xénero con insólita naturalidade. “A mesma persoa. Ningunha diferenza en absoluto... tan só un sexo distinto”, di mentres contempla no espello o seu corpo feminino espido. Corenta minutos atrás Orlando era o protexido de Isabel I —encarnada por Quentin Crisp, “a verdadeira raíña de Inglaterra”, en palabras de Sally Potter—, quen o agasalla cunha casa señorial coa condición de que “non se consuma, non murche, non envelleza”. Ninguén mellor para cumprir ese mandato que Tilda Swinton, descuberta para o cinema na sensacional *Caravaggio* por Derek Jarman, quen lle confiaria logo o papel decisivo de Isabella en *Edward II*, co que gañou a Copa Volpi na Mostra de Venecia. Só unha actriz co seu dominio da escena e fascinante presenza en pantalla pode representar momentos diferentes da historia sen parecer disfrazada, só alguén coa súa versatilidade e talento pode caer ao chan e dicir iso de “Natureza, natureza, son a túa noiva... tógame” sen que resulte ridículo.

Martin Pawley





Tenía claro que debía escapar de la rancia tradición del *heritage cinema*, aquellos films-museo cuyo objetivo principal parecía ser la exhibición de la verde campiña y los grandes palacios, lujo escapista amparado casi siempre en nobles textos literarios. La apuesta sería otra: un exquisito tratamiento visual, que remite ocasionalmente a su contemporáneo Peter Greenaway —sensación reforzada por el hecho de que contó en la dirección de arte con Bien van Los y Jan Roelfs, responsables de *The Cook, the Thief, His Wife and Her Lover* (1989) y *Prospero's Books* (1991)—, y una ecléctica banda sonora en la que luce el *falsetto* de Jimmy Sommerville. Hacer *Orlando* exigía asumir riesgos y romper convenciones narrativas, las mismas que le permiten al personaje principal moverse por cuatro siglos y cambiar de género con insólita naturalidad. “La misma persona. Ninguna diferencia en absoluto... tan solo un sexo distinto”, dice mientras contempla en el espejo su cuerpo femenino desnudo. Cuarenta minutos atrás Orlando era el protegido de Isabel I —encarnada por Quentin Crisp, “la verdadera reina de Inglaterra”, en palabras de Sally Potter—, quien le regala una casa señorial con la condición de que “no se consuma, no se marchite, no envejezca”. Nadie mejor para cumplir ese mandato que Tilda Swinton, descubierta para el cine en la sensacional *Caravaggio* por Derek Jarman, quien le confiaría luego el papel decisivo de Isabella en *Edward II*, con el que ganó la Copa Volpi en la Mostra de Venecia. Solo una actriz con su dominio de la escena y su fascinante presencia en pantalla puede representar momentos diferentes de la historia sin parecer disfrazada, solo alguien con su versatilidad y talento puede caer al suelo y decir eso de “Naturaleza, naturaleza, soy tu novia... tóname” sin que resulte ridículo.

Martin Pawley

SINOPSIS La película comienza en la época isabelina poco antes del fallecimiento de la reina Isabel I. En su lecho de muerte, Isabel entrega a un noble y andrógino joven llamado Orlando una gran extensión de tierra y un castillo, junto con una generosa donación monetaria que le dará con la promesa de que no envejezca. Orlando cumple su promesa y después de su muerte vive en el castillo durante muchos siglos, durante los cuales cultiva su interés por la poesía y el arte. Luego viaja a Constantinopla como embajador británico en Turquía, pero casi es asesinado en una intriga diplomática. Al despertar a la mañana siguiente, sin embargo, se entera de algo aún más sorprendente: durante la noche se ha convertido en mujer. Orlando, ahora con el cuerpo de una mujer, regresa a su castillo vistiendo atuendos característicos de Oriente Medio, y al llegar descubre que tiene varios juicios pendientes. Las demandas están basadas esencialmente en el hecho de considerar que Orlando, desde el comienzo, siempre ha sido una mujer y, por lo tanto, no tiene derecho a la tierra o a cualquiera de sus herencias reales. Los siglos posteriores son realmente fatigosos, sus casos en la corte, su mala suerte en el amor y las guerras...

—

Cuando la cineasta Sally Potter empezó a darle vueltas a la idea de llevar al cine a novela *Orlando* de Virginia Woolf, hace ya casi treinta años, las respuestas que recibió no fueron precisamente animosas. La película era *unmakable*, “imposible, demasiado cara y exenta de interés”, y lo mejor que podía hacer era abandonarla lo antes posible. Ante consejos tan entusiastas, la directora londinense optó por aparcarse el proyecto sin descartarlo por completo, y fue finalmente en 1988 cuando comenzó la escritura del guión y la búsqueda de financiación: valentía y empuje no son virtudes que le falten a una mujer que, tiempo después, incluso se atrevió a rodar un film con diálogos en pentámetro yámbico, el singular Yes.

